

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DEPORTES, XUVENTUDE E VIDA SAUDABLE

No Pazo Provincial, sendo as 12:20 horas do día 22/11/2024, reúnese a Comisión de Deportes, Xuventude e Vida Saudable, baixo a presidencia de **D^a. LUISA M^a SANCHEZ MENDEZ**, e coa asistencia das seguintes deputadas/os: **D^a M^a SANDRA BASTOS MIGUEZ, D. RAFAEL DOMINGUEZ ARTIME, D. JORGE CUBELA LOPEZ, D^a BELEN CACHAFEIRO ANTA, D^a M^a PILAR RAMALLO VAZQUEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D. JESÚS VAZQUEZ ALMUIÑA, D^a M^a NAVA CASTRO DOMINGUEZ, D^a DIGNA RIVAS GOMEZ, D. GREGORIO LUIS AGIS GOMEZ, D^a. ANA LAURA IGLESIAS GONZALEZ** en substitución de **D. PACO FERREIRA GONZALEZ, D^a NURIA RODRIGUEZ RODRIGUEZ, D. GORKA GOMEZ DIAZ, D. JAVIER IGLESIAS MOUGAN, D^a BEATRIZ LOMBA RODRIGUEZ e D^a. MARIA ORTEGA IÑARREA**.

Actúa como Secretario **D. CARLOS CUADRADO ROMAY** en substitución de **D. ANTONIO SANTOS GUERRA**.

Aberto o acto pola Presidencia, procédese ó estudio dos asuntos que figuran na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR.

Non existindo ningún reparo, apróbase por unanimidade, a acta de 18 de outubro de 2024

2.- DAR CONTA DA APROBACION DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A ASOC. ESTUDIANTIL UVIGO SPACELAB POLO QUE SE INSTRUMENTA A SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A ADQUISIÓN DUNHA ANTENA E OS SEUS COMPLEMENTOS NECESARIOS PARA DESENSOLVER O PROXECTO BIXO.

O 08 de novembro de 2024 formalizouse o convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Asoc. Estudiantil UVigo Spacelab, polo que se instrumenta a subvención nominativa para adquirir unha antena despregable e os seus complementos necesarios para desenvolver o proxecto BIXO, que estudarán se é viable a vida en Marte.

A misión terá unha duración mínima de 9 meses e levarase a cabo a través dunha posta en órbita dun satélite de 2 unidades.

O importe será de 100.000,00 €

3.- DAR CONTA DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA QUE PARTICIPAN EN COMPETICIÓNS FEDERADAS DE ÁMBITO ESTATAL PARA O ANO 2024.

A XG na súa sesión ordinaria de 24/10/24 acordou aprobar a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións federadas de ámbito estatal para o ano 2024.

Concedéronse un total de 80 solicitudes por importe de 900.000,00 €, quedando 5 solicitudes excluídas por diferentes motivos.

O prazo para a xustificación remata o 31 de xaneiro de 2025.



4.- DAR CONTA DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA E AS FEDERACIÓNS AUTONÓMICAS E ESPAÑOLAS PARA POSIBILITAR A ORGANIZACIÓN DE COMPETICIÓNS OU EVENTOS DEPORTIVOS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024.

A XG na súa sesión ordinaria de 08/11/24 acordou aprobar a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra e as Federacións Autonómicas e Españolas para posibilitar a organización de competicións ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra para o ano 2024.

Concedéronse un total de 234 solicitudes por importe de 500.000,00 €, sendo 300.00,00 € para a Liña 1 e 200.00,00 € para a Liña 2, quedando excluidas un total de 32 solicitudes por diferentes motivos.

O prazo para a xustificación remata o 31 de decembro de 2024, agás no caso das competicións ou actividades que se leven a cabo na segunda quince de decembro, que rematará o prazo de xustificación o 15 de xaneiro de 2025.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar e sendo as 12:23 horas do indicado día, dáse por concluída a reunión do que eu Secretario dou fe.

